

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de novembro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e cincuenta minutos do día vinte e tres de dous mil catro e baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Está presente, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1511).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(1512).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE CONCURSO, DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAL A DROGODEPENDENTES (CEDRO). EXPTE. 10946/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de cláusulas técnicas do 9.07.04, asinado polo director de Cedro, e o prego de condicións administrativas do 21.10.04, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, ambos para a contratación da prestación dos servizos de apoio á Unidade Asistencial a Drogodependentes (CEDRO); vistos o informes xurídicos de 29.10.04, sobre o prego de condicións administrativas, do 17.11.04, sobre a subrogación do persoal e informe do xefe do Sector de Acción Social do 17.11.04, sobre os custes do persoal a subrogar, así como o informe da

Interventora Xeral, do 18.11.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 21.10.04, conformado polo concelleiro de Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 410.000 euros/ano para a contratación da prestación dos servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas nos dispositivos asistenciais do centro CEDRO: Unidade Asistencial de Drogodependencias(UAD) e Unidade de Día (UD) que se imputarán á partida 412.3.227.06.01 do presuposto do ano 2005 e seguintes.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a contratación por concurso aberto dos servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas nos dispositivos asistenciais do centro CEDRO: Unidade Asistencial de Drogodependencias(UAD) e Unidade de Día (UD).

3º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás oito horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez